

**11451** *ORDE PRE/1648/2007, do 7 de xuño, pola que se modifica o anexo VI do Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, aprobado polo Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro.* («BOE» 138, do 9-6-2007.)

O Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, incorporou ao noso ordenamento xurídico a Directiva 1999/45/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de maio de 1999, sobre a aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos estados membros da Unión Europea relativas á clasificación, ao envasado e á etiquetaxe de preparados perigosos.

No anexo VI do dito real decreto, que coincide co do mesmo número da directiva, figura unha listaxe de estados membros. A Orde PRE/3/2006, do 12 de xaneiro, pola que se modifica o anexo VI do Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, aprobado polo Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, modificou a dita lista con motivo da incorporación á Unión Europea de dez novos estados membros.

Recentemente, e segundo o disposto na acta de adhesión de Bulgaria e Romanía á Unión Europea, modificouse novamente a dita listaxe para incluír nela estes dous novos estados membros, o que se leva a cabo mediante o disposto na letra G do anexo da Directiva 2006/96/CE do Consello, do 20 de novembro de 2006, pola que se adaptan determinadas directivas no ámbito da libre circulación de mercadorías, con motivo da adhesión de Bulgaria e Romanía.

En consecuencia, faise preciso substituír a listaxe de estados que figura no anexo VI do Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, aprobado polo Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, pola listaxe do anexo desta orde.

Na elaboración desta disposición foron oídos os sectores afectados.

Esta orde, que se dita en uso das facultades atribuídas pola disposición derradeira segunda do Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, incorpora parcialmente ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2006/96/CE do Consello, do 20 de novembro de 2006, en concreto, aquelas das súas disposicións que afectan a Directiva 1999/45/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de maio de 1999.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo, de Industria, Turismo e Comercio e de Medio Ambiente, dispoño:

*Artigo único. Modificación do anexo VI do Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, aprobado polo Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro.*

No punto 5 da parte A do anexo VI do Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, aprobado polo Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, substitúese a listaxe de estados que figura nel pola recollida no anexo desta orde.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a letra G do anexo da Directiva 2006/96/CE do Consello, do 20 de novembro de 2006, pola que se adaptan determinadas directivas no ámbito da libre circulación de

mercadorías, con motivo da adhesión de Bulgaria e Romanía.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 7 de xuño de 2007.—A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, María Teresa Fernández de la Vega Sanz.

## ANEXO

Bélxica.  
Bulgaria.  
República Checa.  
Dinamarca.  
Alemaña.  
Estonia.  
Grecia.  
España.  
Francia.  
Irlanda.  
Italia.  
Chipre.  
Letonia.  
Lituania.  
Luxemburgo.  
Hungría.  
Malta.  
Países Baixos.  
Austria.  
Polonia.  
Portugal.  
Romanía.  
Eslovenia.  
Eslovaquia.  
Finlandia.  
Suecia.  
Reino Unido.

## MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

**11527** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 615/2007, do 11 de maio, polo que se regula a Seguridade Social dos coidadores das persoas en situación de dependencia.* («BOE» 140, do 12-6-2007.)

Advertido erro no Real decreto 615/2007, do 11 de maio, polo que se regula a Seguridade Social dos coidadores das persoas en situación de dependencia, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 14 en lingua galega, do 26 de maio de 2007, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 1877, primeira columna, no artigo 4, número 4, penúltima liña, onde di: «aplicable á base de cotización indicada no número 2 deste artigo», debe dicir: «aplicable á base de cotización indicada no número 1 deste artigo».